

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 09 de xaneiro de 2026
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do día 9 de xaneiro do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Gabriel Rodríguez Alonso, Secretario accidental, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros e Belén Cachafeiro Anta* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35954.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 26 de decembro de 2025.

2.35955.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO SERVIZO DE SOPORTE E MANTEMENTO INTEGRAL DOS SISTEMAS DE VIDEOVIXILANCIA CONTRA A INTRUSIÓN E CONTROL DE ACCESOS DESTA DEPUTACIÓN. (EXPTE.2024052159)

Por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 18 de outubro de 2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do Servizo de soporte e mantemento integral dos sistemas de videovixilancia contra a intrusión e control de accesos da Deputación de Pontevedra.

Por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 20 de decembro de 2024, adxudicouse o procedemento aberto para a contratación do servizo de soporte e mantemento integral dos sistemas de videovixilancia contra a intrusión e control de accesos da Deputación de Pontevedra, á empresa SEGURIDAD DI-SEYS SL (B32149361) polo importe sen IVE de 63.500,00 €, 21% de IVE 13.335,00€, e importe total IVE engadido de 76.835,00€, para dous anos de contrato.



O contrato formalizouse en documento administrativo de data 20 de xaneiro de 2025, establecendo un prazo de duración de dous anos, e posibilidade de unha prórroga de dous anos de duración.

Con data 24/11/2025 o xefe do servizo de Novas Tecnoloxías, informa (csv D8DSPLRRPTM7GGJV) que con motivo da incorporación de novas instalacións e edificios ao sistema de videovixilancia da Deputación de Pontevedra e preciso modificar o citado contrato para dar cabida a este aumento de servizos que non se previron no correspondente prego administrativo e no prego prescricións técnicos.

Os edificios e instalacións a incorporar son: Edificio Administrativo da Deputación de Pontevedra, Convento Santa Clara e Castelo de Soutomaior. O importe de conexións á Central Receptora de Alarmas, mantemento do sistema contra intrusión, tarxetas M2M e demais servizos asociados ás licenzas do sistema de control de accesos, ascenderían como máximo a cantidade de 3.185,33€ 21%, IVE engadido.

Tendo en conta o informe do xefe do servizo de Contratación, conformado polo Secretario, co csv HN8DBSWJN64AN3CC no que conclúe o seguinte:

“(…)Recibida no servizo de contratación con data 24 de novembro de 2025, a solicitude de incrementar en 2.632,50 € IVE non engadido, o prezo inicial do contrato co obxecto de incorporar aos sistemas de videovixilancia os seguintes edificios: Edificio Administrativo da Deputación de Pontevedra, Convento Santa Clara e Castelo de Soutomaior, e instalacións: conexións á Central Receptora de Alarmas, mantemento do sistema contra intrusión, tarxetas M2M e demais servizos asociados ás licenzas do sistema de control de accesos, non previstos no contrato inicial.

Realizada a valoración do custo da modificación proposta, considérase que non se están alterando as condicións de licitación do mesmo xa que as normas procedimentais e de publicidade establecidas por Lei se cumpren, o importe da mesma non supera o 20% do prezo inicial do contrato e as condicións do contrato no se varían e permanecen inalterables.

A valoración da modificación proposta é de 2.632,50 € IVE non engadido, en relación co presuposto de adxudicación, pasando dun importe de 63.500,00 €, sen IVE, a 66.132,50€ sen IVE.(…)”

Considerando o disposto no artigo 206 LCSP, nos supostos de modificación do contrato recollidos no artigo 205, as modificacións acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para os contratistas cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración da contía que non exceda do 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído.

Neste caso concreto, a modificación proposta supón unha alteración dun 4,15 por cento, debendo de tratarse como obrigatoria por non exceder o umbral establecido.

Considerando o establecido nos artigos 191 e 207 da LCSP, deberá darse audiencia á contratista e publicarse o anuncio de modificación no perfil do contratante, no prazo de 5 días dende a aprobación da mesma.



Tendo en conta o artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado, e que consta no expediente a conformidade da adxudicataria (Rexistro de entrada WEB2024027459), considérase innecesario o trámite de audiencia.

Considerando o artigo 109.3 LCSP, a empresa adxudicataria deberá reaxustar a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados desde a data en que se lle notifique o acordo de modificación.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 19/12/2025 co csv ENN6DQUUNY8H7QMF.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobación do contrato do Servizo de soporte e mantemento integral dos sistemas de videovixilancia, contra intrusión e control de accesos da Deputación de Pontevedra, para a incorporación de novas instalacións e edificios ao sistema de videovixilancia que non se previron no contrato inicial.

Os edificios e instalacións a incorporar son: Edificio Administrativo da Deputación de Pontevedra, Convento Santa Clara e Castelo de Soutomaior, así como as conexións á Central Receptora de Alarmas, mantemento do sistema contra intrusión, tarxetas M2M e demais servizos asociados ás licenzas do sistema de control de accesos.

A modificación supón un incremento no prezo de 3.185,33 € (2.632,50€, máis 552,83 € correspondentes ao 21% de IVE) euros, polo que o contrato pasa a ter o seguinte prezo modificado:

Prezo modificado (sen IVE):	66.132,50€
IVE	13.887,82€
Prezo modificado co IVE	80.020,32€



2.- Autorizar o gasto por importe de 3.185,33€ que financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Aplicación Orzamentaria	Importe modificación IVE engadido
26/926.9260.227.23	2.940,30 €
27/926.9260.227.23 (1 mes)	245,03 €
TOTAL co IVE	3.185,33€

O financiamento para os exercicios 2026 e 2027 quedará condicionado á aprobación do orzamento provincial e a existencia de crédito adecuado e suficiente, en ditas aplicacións.

3.- Requirir a SEGURIDAD DI-SEYS SL (B32149361) para que, no prazo de quince días naturais, contados desde o día seguinte á notificación deste acordo, proceder a reaxustar a garantía definitiva constituída para este contrato para que garde a debida proporción co novo prezo modificado (a garantía pasará de ter un importe de 3.175,00€ a un importe de 3.306,62 euros (= 3.175,00€+131,62€).

3.35956.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO NÚM. 32.35908 ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 19/12/2025 DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES DO PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O AÑO 2026. (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2026) (EXPTE.2025074584)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Por acordo nº32.35908 adoptado en Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión do día 19 de decembro de 2025, acordouse por unanimidade aprobar as bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2026 (Plan provincia comunitaria 2026).

Segundo.- Advertiuse un erro material de transcripción na base primeira , punto 3 e letra e), referente aos gastos subvencionables, polo que de conformidade co establecido no artigo 109.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, procédese a súa rectificación, no senso de que onde di:

“(…)

- Traballos de desbroce e limpeza de terreos que non sexan parte necesaria dos traballos previos dunha obra. Estes traballos previos non poderán ser a parte principal da execución, estando limitados a un 25% do total do orzamento.

(…)”.



Debe dicir:

“(…)

- a. Traballos de desbroce e limpeza de terreos que sexan parte necesaria dos traballos previos dunha obra. Estes traballos previos non poderán ser a parte principal da execución, estando limitados a un 25% do total do orzamento.

(…)”

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, permite a rectificación en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, informo favorablemente a corrección do citado erro.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2 c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

En consecuencia, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Corrixir o erro padecido no acordo número 32.35908 adoptado na Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión do 19 de decembro de 2025, polo que se aproban as bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2026 (Plan provincia comunitaria 2026), no referente aos gastos subvencionables recollidos na base primeira, punto tres e letra e), no senso que onde di:

“(…)”

- a) Traballos de desbroce e limpeza de terreos que non sexan parte necesaria dos traballos previos dunha obra. Estes traballos previos non poderán ser a parte principal da execución, estando limitados a un 25% do total do orzamento.

(…)”.

Debe dicir;

“(…)”

- a. Traballos de desbroce e limpeza de terreos que sexan parte necesaria dos traballos previos dunha obra. Estes traballos previos non poderán ser a parte principal da execución, estando limitados a un 25% do total do orzamento.

(…)”

O resto do texto permanecerá invariable.



2. Ordear a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

4.35957.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS PERSOAIS E PATRIMONIAIS PRODUCIDOS EN ACCIDENTE DE MOTOCICLETA NO CONCELLO DE GONDOMAR. (EXPTE.2024011195)

Dada conta que con data de rexistro 20/02/2024 (rex. núm. 2024002911), o Concello de Gondomar trasladou a esta Deputación –por tratarse dunha vía de titularidade provincial– documentación relativa á reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por D.^a Lía Fragueiro Lago en representación de D. David Prego Costas, por lesións e danos materiais producidos en accidente de motocicleta, o día 29/04/2023, a consecuencia de gravilla na calzada da estrada E.P. 2304, no Concello de Gondomar, e que cuantificou economicamente en 4.306,99 euros.

Resultando.- Que con data 06/03/2024, e de conformidade co establecido nos artigos 18, 66, 68.1 e 73 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, requiriuse ó interesado para que subsanara a instancia acreditando a representación (a medio de poder notarial ou dilixenciamento *apud acta*) e aportando os documentos que se relacionan a continuación, coa advertencia de que, de non facelo así, tería lugar a perención do procedemento e o arquivo das actuacións:

- Documentación da motocicleta.
- Certificación feita pola aseguradora do vehículo na que deixara constancia de que o seu asegurado non foi indemnizado por mor deste sinistro.
- Indicando unha dirección de correo electrónico na que recibir os avisos das futuras notificacións.

Resultando.- Que con data 11/03/2024 aportan dilixencia de comparecencia e apoderamento *apud acta* outorgado na sede da Deputación en Vigo.

Resultando.- Que con data 15/03/2024, aportan a documentación requirida, a excepción da certificación feita pola aseguradora do vehículo deixando constancia de que o seu asegurado non foi indemnizado por mor deste sinistro, aportando no seu lugar un correo electrónico enviado a Generali solicitando declaración de ausencia de indemnización á tomadora e ó condutor da motocicleta polo accidente acaecido na data 29/04/2023.



Resultando.- Que con data 08/07/2024, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación que o emitiu na data 16/09/2024, co seguinte contido literal:

PRIMEIRO.- O lugar do sinistro, segundo consta no atestado da Garda Civil, correspóndese co p.q. 2+649 da EP-2304 e pertence á Rede de Estradas Provinciais da Deputación de Pontevedra.

SEGUNDO.- Non houbo aviso dende o servizo de emerxencias 112 á Deputación Provincial, de modo que a brigada que estaba de garda non se presentou no lugar.

TERCEIRO.- Non hai constancia doutros accidentes polo mesmo motivo no mesmo lugar e nas mesmas datas.

CUARTO.- Non había sinalización que advertise do perigo, xa que non había constancia do mesmo.

María Elena Pérez Alonso
Enxeñeiro



Resultando.- Que con data 11/11/2024, solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación acerca dos seguintes extremos:

- A que puido deberse a presenza de gravilla na calzada.
- Sinalización existente na zona do accidente, p.k. 2,649 sentido Mañufe, que puido observar o accidentado antes da caída.
- Data da última revisión periódica efectuada na estrada antes do sinistro.

Resultando.- Que con data 20/11/2024, o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación remite informe complementario co seguinte contido:

PRIMEIRO.- Nas inmediacións do lugar do accidente hai un vial de titularidade municipal. Dito vial está asfaltado pero non ten cunetas. En época de choivas, normalmente se producen arrastres que quedan depositados no vial provincial.





SEGUNDO.- Non hai sinalización vertical na estrada, sendo este un vial moi estreito en núcleo rural.

TERCEIRO.- As revisións realízanse cunha periodicidade semanal polo persoal propio de Deputación provincial. Polo tanto, dita revisión tivo lugar nos días previos ó accidente, entre o luns 24 de abril e o venres 28 de abril de 2023.

Nestas inspeccións rutineiras non se detectou ningunha incidencia nin ningún risco para a seguridade vial.



Resultando.- Que con datas 15/05/2025 e 29/05/2025, solicitouse información ó Destacamento de O Porriño acerca de se o motorista circulaba a velocidade adecuada, dado que a motocicleta foi arrastrada pola calzada uns 15 metros e, segundo se deduce do expediente, os arrastres do camiño municipal eran mínimos.

Resultando.- Que con data 03/06/2025, o Destacamento de O Porriño remite informe con seguinte contido:

En relación a solicitude de información requirida por la Diputación Provincial de Pontevedra, accidente de tráfico ocurrido en la fecha 29/04/2023, número de expediente policial 693/2023 del Destacamento de la Guardia Civil de Tráfico de O Porriño (Pontevedra), el Agente instructor con número de TIP L.32794Z hace constar que:

- *El conductor de la motocicleta circulaba, al parecer, en el momento del accidente a velocidad adecuada para el tipo de vía. La velocidad máxima permitida es de 80 km/h, al tratarse de una vía interurbana sin arcén practicable.*

El vehículo sufre la caída sobre la calzada a la salida de una curva a izquierdas y en una zona horaria en que la visibilidad no era suficiente para poder advertir dicha circunstancia -gravilla suelta- y poder reducir la velocidad máxima permitida. No había ninguna señal circunstancial que advirtiese de este peligro.

- *Las mediciones sobre la vía aproximadas, ya que se carecía de medios técnicos oficiales para poder determinarlas con exactitud. Las huellas de arrastre— desplazamiento—son posteriores a la caída de la motocicleta. Si se hubiese circulado a la velocidad máxima permitida, las consecuencias hubiesen sido mucho mayores.*

El instructor observó y señaló en el informe que la vía, cuya titularidad, mantenimiento y conservación corresponde a la Diputación provincial de Pontevedra, tenía presencia de gravilla suelta en el carril derecho por donde circuló el conductor, desconociendo de dónde provenía dicha gravilla. Este factor es el responsable directo del accidente.

*El Guardia Civil
L32794Z*

Resultando.- Que con data 14/05/2025, solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, acerca dos seguintes extremos:

- Se a gravilla era de entidade suficiente para producir o accidente.
- Se desde o Servizo de Infraestruturas se fixo requirimento ao Concello para que adoptasen as medidas oportunas no vial municipal para evitar os arrastres cara a estrada provincial.

Resultando.- Que con data 08/10/2025, o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación remite informe complementario co seguinte contido literal:

PRIMEIRO.- Se a gravilla era de entidade suficiente para producir o accidente.



Tendo en conta que non houbo unha inspección visual detallada ao non haber aviso á brigada dende o 112 nin por outra vía, dáse por feito que a gravilla existente na calzada non era de entidade suficiente, pois doutra maneira os servizos de emerxencia actuarían e avisarían para que procedéramos á súa limpeza.

Nas inmediacións do lugar do accidente hai un vial de titularidade municipal. Dito vial está asfaltado pero non ten cunetas. En época de choivas, normalmente prodúcense arrastres que quedan depositados no vial provincial, pero estes arrastres son de pequena entidade, pois do contrario existirían saídas para a limpeza dos mesmos pola brigada responsable.

SEGUNDO.- Se desde ese Servizo se fixo requirimento ao Concello para que adoptasen as medidas oportunas no vial municipal para evitar os arrastres cara a estrada provincial.

Non se fixo dito requirimento.

María Elena Pérez Alonso
Enxeñeiro

Resultando.- Que con data 04/11/2025, requiriuse ó reclamante para que achegara certificación feita pola aseguradora do vehículo na que deixara constancia de que o seu asegurado non foi indemnizado por este sinistro, pois a mesma non foi aportada ó procedemento, remitindo escrito na data 11/11/2025, no que manifesta non ter percibido cantidade nin oferta en concepto de indemnización e outorgando o cambio da representación que ostentaba D.^a Lía Fragueiro Lago a favor de D. Mario Cedeira Conde.

Resultando.- Que con data 26/11/2025, requiriuse a D. Mario Cedeira Conde para que acreditara a representación de D. David Prego Costas y aportara certificación feita pola aseguradora do vehículo na que deixara constancia de que o seu asegurado non foi indemnizado por este sinistro, remitindo apoderamento na data 05/12/2025, así como a póliza subscrita coa aseguradora Generali.

Resultando.- Que con data 02/12/2025, e en virtude do artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, abriuse o trámite de audiencia, concedéndolle a Mapfre –compañía aseguradora da Deputación- a posibilidade de alegar, como trámite previo á resolución do expediente, o que estimara procedente.

Resultando.- Que con data 05/12/2025, D. Antonio de Sas Fojón en representación de Mapfre España, S.A., remite escrito de alegacións co seguinte contido:

I.- AUSENCIA DE RESPONSABILIDAD.

Los informes de Guardia Civil y la propia Diputación aportados al expediente administrativo reconocen la presencia de gravilla en la curva donde se produjo la caída.

Con independencia de la presencia de esta gravilla, debemos analizar si cabe la asunción de responsabilidad a la Diputación de Pontevedra, tal como parece pretenderse por parte de la reclamante.



- A) CUMPLIMIENTO DE LAS OBLIGACIONES ADMINISTRATIVAS. *En este sentido, cabe indicar que la presencia puntual de gravilla no puede implicar la asunción automática de la responsabilidad de la administración, tal como es conocido, la administración titular de la vía tiene obligación de mantenimiento y limpieza de la vía, pero no puede actuar como aseguradora universal de todo daño causado en la vía por su mera titularidad, sino que debe valorarse siempre que se tiene conocimiento de estas circunstancias, y en consonancia, la conocida jurisprudencia en relación a la exigencia de una diligencia estándar de limpieza, implica que no se puede exigir la perfección e inmediatez a la administración en este sentido.*
- B) ORIGEN Y CAUSA DE LOS DAÑOS. *La Diputación defiende en el informe emitido al efecto y aportado al expediente administrativo, la responsabilidad del Concello de Gondomar debido a la existencia de una vía de titularidad municipal sin las debidas infraestructuras de evacuación de aguas pluviales, que vendría causando el arrastre de gravilla a la curva donde se causó el accidente. En este sentido, el origen de la presencia de esta gravilla provendría de la incorrecta evacuación de polución, tierras y pluviales de la vía de titularidad municipal que bifurca con la curva origen de los daños, por lo que, en todo caso la responsabilidad sería del Concello de Gondomar.*

II.- SUBSIDIARIA CONCURRENCIA CULPOSA.

En opinión de esta aseguradora, y manifestado lo anterior, en caso de considerarse que existe una responsabilidad administrativa, entendemos que esta debe ser asumida por el Concello de Gondomar como titular de la vía de donde procede la causa de los daños, si bien, en caso de entenderse que existe alguna responsabilidad de la Diputación de Pontevedra, consideramos que debe ponderarse y estimarse en un 50% junto con la administración municipal.

III.- FONDO.

La jurisprudencia modula el carácter objetivo de la responsabilidad patrimonial, al rechazar que la mera titularidad del servicio determine la responsabilidad de la Administración respecto de cualquier consecuencia lesiva relacionada con el mismo que se pueda producir. El Tribunal Supremo ha declarado, en su Sentencia de 5 de junio de 1998, que “la prestación por la Administración de un determinado servicio público y la titularidad por parte de aquella de la infraestructura material para su prestación no implica que el vigente sistema de responsabilidad patrimonial objetiva de las Administraciones Públicas convierta a éstas en aseguradoras universales de todos los riesgos con el fin de prevenir cualquier eventualidad desfavorable o dañosa para los administrados que pueda producirse con independencia del actuar administrativo, porque de lo contrario, como pretende el recurrente, se transformaría aquél en un sistema providencialista no contemplado en nuestro ordenamiento jurídico”. Criterio que ha sido recogido en otros fallos (a.e. sentencias de 13 de septiembre de 2002, 30 de septiembre y 14 de octubre de 2003, o 17 de abril de 2007).

También ha declarado el Tribunal Supremo, de forma reiterada, que no es acorde con el referido sistema de responsabilidad patrimonial objetiva su generalización más allá del principio de causalidad, de manera que, para que exista aquella, es imprescindible la existencia de nexo causal entre la actuación de la Administración y el resultado lesivo o dañoso producido. En este sentido, la Sentencia de 13 de noviembre de 1997 ya señaló que “aun cuando la responsabilidad de la Administración ha sido calificada por la jurisprudencia de esta Sala como un supuesto de responsabilidad objetiva, no lo es menos que ello no convierte a la Administración en un responsable de todos los resultados lesivos que puedan producirse por el simple uso de instalaciones públicas, sino que, como antes señalamos, es necesario que esos daños sean consecuencia directa e inmediata del funcionamiento normal o anormal de aquella”.



Por lo tanto, la responsabilidad de la Administración procederá en aquellos casos en que los daños sean consecuencia del funcionamiento de los servicios públicos, sin que baste a estos efectos que los daños aparezcan con motivo u ocasión de la prestación de dichos servicios públicos.

Ha de tenerse en cuenta asimismo la jurisprudencia según la cual “la imprescindible relación de causalidad entre la actuación de la Administración y el resultado dañoso producido puede aparecer bajo formas mediatas, indirectas y concurrentes, aunque admitiendo la posibilidad de una moderación de la responsabilidad en el caso de que intervengan otras causas, la cual debe tenerse en cuenta en el momento de fijarse la indemnización. El hecho de la intervención de un tercero o una concurrencia de concausas imputables, unas a la Administración y otras a personas ajenas, e incluso al propio perjudicado, imponen criterios de compensación o de atemperar la indemnización a las características o circunstancias concretas del caso examinado”. E igualmente la que sostiene “la exoneración de responsabilidad para la Administración, a pesar del carácter objetivo de la misma, cuando es la conducta del propio perjudicado o la de un tercero la única determinante del daño producido, aunque hubiese sido incorrecto el funcionamiento del servicio público”.

(Dictámenes 929/2012, de 17 de enero de 2013, 716/2013, de 18 de octubre, 612/2014, de 15 de enero de 2015, 146/2015, de 29 de abril, 503/2016, de 29 de diciembre, y 27/2017, de 26 de febrero).

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescripción), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndese o seguinte:

- Non se recibiu aviso dende o servizo de emerxencias 112 á Deputación Provincial, de modo que a brigada que estaba de garda non se presentou no lugar.
- Non houbo outros accidentes pola mesma causa.
- Non había sinalización que advertise do perigo, xa que non había constancia do mesmo.
- No atestado do Destacamento de Porriño da Garda Civil de Tráfico achegado polos reclamantes recóllese que o accidente tivo lugar ás 21:07 horas do día 29 de abril.
- Nas inmediacións do lugar do accidente hai un vial de titularidade municipal sen cunetas, producíndose arrastres en época de choivas que quedan depositados na estrada provincial, sendo estes arrastres de pequena entidade, pois do contrario existirían saídas para a limpeza dos mesmos pola brigada responsable.



- As revisións da vía realízanse cunha periodicidade semanal polo persoal propio da Deputación provincial.
- A última revisión desa vía, antes de producirse o accidente, realizouse entre o luns 24 de abril e o venres 28 de abril de 2023, sen detectarse ningunha incidencia nin ningún risco para a seguridade vial.
- A gravilla existente na calzada non era de entidade suficiente, pois doutra maneira os servizos de emerxencia actuarían e avisarían para proceder á súa limpeza.

Considerando.- Que non pode a Deputación facerse cargo dos danos ocasionados aínda que sexa a titular da vía toda vez que o obxecto da reclamación é a existencia de gravilla no carril de circulación (da que non se tivo constancia nin se recibiu aviso para a súa limpeza), non podendo imputárselle a esta Administración a responsabilidade patrimonial pola mera detención material dunha infraestrutura, o que a convertería nunha especie de aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que circulaba o accidentado por un vial moi estreito en núcleo rural, sen luz natural e con iluminación artificial e con manobra de curva á esquerda, circunstancias todas elas que fan descansar a responsabilidade no condutor do vehículo. Así, segundo recolle o artigo 45 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, “todo condutor está obrigado a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta sus propias condiciones físicas y psíquicas, las características y el estado de la vía, del vehículo y de su carga, las condiciones meteorológicas, ambientales y de circulación y, en general, cuantas circunstancias concurren en cada momento, a fin de adecuar la velocidad de su vehículo a las mismas, de manera que siempre pueda detenerlo dentro de los límites de su campo de visión y ante cualquier obstáculo que pueda presentarse”.

Asemade, o artigo 46 do citado Regulamento sinala que: “1. Se circulará a velocidad moderada y, si fuera preciso, se detendrá el vehículo cuando las circunstancias lo exijan, especialmente en los casos siguientes:

g) (...) Cuando pueda salpicarse o proyectarse (...) gravilla a los demás usuarios de la vía.

Polo seu lado, a Lei 18/1989 de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 3.3 da base cuarta recolle o seguinte:

“...Los conductores quedarán especialmente obligados a circular de manera diligente...”

En idénticos termos se expresa o xa referido R.d. 1428/2003 de 21 de novembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu articulado recolle:

Artigo 3.1 *“...Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor...”*

Artigo 18.1: *“...El conductor de un vehículo está obligado a mantener su propia libertad de movimientos, el campo necesario de visión y la atención permanente a la conducción, que garanticen su propia seguridad...”*



Considerando.- Que a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que non houbo aviso dende o servizo de emerxencias 112 á Deputación Provincial, de modo que a brigada que estaba de garda non acudiu ó lugar, polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 312/11; 77/12; 68/13; 185/13; 33/17 e 120/17; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 329/10; 45/12; 112/14, 264/14 e 41/21; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 125/12; 250/13, 112/14 e 220/20; abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de custas pola temeridade e mala fe na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.

Considerando.- Que a maior abundamento, das sentenzas dos Xulgados do Contencioso-Administrativo de Pontevedra que se invocaron, cabe resaltar os seguintes parágrafos:

- Da 312/11 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:
“...La misma nada pudo hacer para evitar el daño producido, una vez acreditado en autos que la Administración demandada no había tenido conocimiento previo de esa situación de peligro y por otro, que los estándares de mantenimiento eran los normales para una vía de esta clase...”
- Da 33/2017 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:
“...No se produjo en ese lugar ningún otro accidente a consecuencia del estado de la vía (...) Ha quedado acreditado que la Administración demandada en cuanto fue avisada de la existencia del accidente acudió al lugar de los hechos rápidamente...”
- Da 120/2017 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:
“...La respuesta en relación con la cuestión planteada debe ser negativa ya que no resulta exigible ni a la entidad demandada ni a ninguna otra, un mantenimiento continuo y en breve espacio de tiempo de las carreteras en estado impoluto...”
- Da 74/2009 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº2 de Pontevedra:
“...La S.T.S. de 11-2-1987 “la naturaleza del factor causante del accidente (...) y la posibilidad de que se hubiera producido poco antes del siniestro, hace que por muy estricto concepto que se tenga de la función de vigilar (las vías públicas por la Administración titular de las mismas) no quepa imputar a la Administración un incumplimiento o cumplimiento defectuoso de dicho deber, derivado de no eliminar perentoriamente y con urgencia un obstáculo que ha podido aparecer de manera tan repentina como impensable...”



- Da 74/08 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:

“...Pero es que esa conducción prudente no determina necesariamente que las consecuencias de los daños que sufra se tengan que desplazar a terceras personas, en este caso a la entidad titular de la carretera por la súbita aparición de un cuerpo extraño sobre la calzada que ni ha podido evitar ni ha podido señalizar de acuerdo con los parámetros de la conducta diligente que le debe ser racionalmente exigible, de modo que, es conforme con la conciencia social la existencia de un riesgo inherente a la utilización de las vías de circulación, lo que impone un estándar de seguridad en los usuarios que en este caso no ha sido rebasado por la entidad llamada a conservar y mantener la vía pública, de modo que si el “arranque del ilícito” no se ha producido por una actuación administrativa obligada y no atendida dentro de un plazo normalmente exigible de acuerdo con las pautas prudenciales a que se ha hecho referencia, ninguna responsabilidad por ello cabe exigir a la entidad demandada, pues como consta en el expediente administrativo, sobre las 10 horas recibieron la llamada de la guardia civil de tráfico, y acudieron al lugar, siendo de significar que el accidente ocurre a primera hora de la mañana de un sábado a las 9 horas...”

Considerando.- Que diferentes precedentes sentados polos Xulgados do Contencioso-Administrativo, en supostos con similitude de razón, desestimaron os recursos presentados, exonerando a esta Administración de toda responsabilidade, como os que se citan a continuación:

- Sentenza 53/2008 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra:

“No se pone en duda que la conductora no pudo evitar que el vehículo comenzase a zigzaguear como consecuencia del barro que se encontraba en la calzada, no señalizado previamente, y en un lugar curvo sin visibilidad, como tampoco se cuestiona que aquella circulaba con la precaución que le era exigible a tenor de lo dispuesto en los artículos 17.1 y 18 del Reglamento General de Circulación (...) pero es que esa conducción prudente no determina necesariamente que las consecuencias de los daños que sufra se tengan que desplazar a terceras personas, en este caso a la entidad titular de la carretera por la súbita aparición de un cuerpo extraño sobre la calzada que ni ha podido evitar, ni ha podido señalizar de acuerdo con los parámetros de la conducta diligente que le debe ser racionalmente exigible, de modo que, es conforme con la conciencia social la existencia de un riesgo inherente a la utilización de las vías de circulación (...)”

- Sentenza 363/2015 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo:

“(...) Teniendo en cuenta que el arcén había sido reparado diez días antes, sin pruebas de que en ese período hubiera habido ninguna queja o denuncia por gravilla en la calzada, no puede considerarse que el peligro que representaba la calzada fuese superior al admisible conforme a un estándar medio de conservación, máxime si se tiene en cuenta la velocidad máxima a 50 km/h y que el carril de circulación debía presentar unas condiciones generales de adherencia suficientes para el tránsito seguro con vehículos de dos ruedas en todo su ancho (...) La causa principal del accidente no es atribuible al funcionamiento del servicio público de mantenimiento viario, puesto que no existía en absoluto ningún obstáculo o factor de peligro para la circulación o de existir era de tan escasa magnitud que correspondía a la diligencia del conductor prevenirlo y evitarlo, ya que conforme al artículo 45 del Reglamento General de Circulación todo conductor está obligado a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta sus propias condiciones, las características y el estado de la vía, condiciones meteorológicas y ambientales y de circulación, y en general cuantas circunstancias concurran en cada momento a fin de adecuar la velocidad de su vehículo a las mismas”.



Na mesma liña argumental se pronuncian as sentenzas do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, 128/2006 e 133/2010 e a Sentenza 12/2005 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra.

Considerando.- Que non houbo mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á tardanza na emisión dos informes técnicos e á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015 referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a reclamación.

5.35958.- DAR CONTA DA PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN DE TURISMO RÍAS BAIXAS DURANTE O ANO 2026, NO MARCO DO SERVIZO DE DESEÑO, PRODUCCIÓN, TRANSPORTE, MONTAXE E DESMONTAXE, ALMACENAMENTO, MANTEMENTO E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DA CASETA QUE REPRESENTARÁ A TURISMO RÍAS BAIXAS-DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA EN FEIRAS DE TURISMO. (EXPTE. 2024066273)

Na sesión ordinaria do día 28 de febreiro de 2025, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adjudicou o contrato de Servizo de deseño, produción, transporte, montaxe e desmontaxe, almacenamento, mantemento e servizos complementarios da caseta que representará a Turismo Rías Baixas-Deputación de Pontevedra en feiras de turismo á empresa Grupo Norte MCA SL (NIF: B-36220135).

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 1 de abril de 2025 e o prazo de duración é ata o 31 de decembro de 2025, con posibilidade de tres prórrogas anuais.

Con data 05 de decembro de 2025, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria, aproba a primeira prórroga do contrato formalizado coa empresa Grupo Norte MCA SL, para a contratación do Servizo de deseño, produción, transporte, montaxe e desmontaxe, almacenamento, mantemento e servizos complementarios da caseta que representará a Turismo Rías Baixas-Deputación de Pontevedra en feiras de turismo.



Tal e como se recolle nos pregos técnicos, polos que se rexe este servizo, no caso de prórroga, o plan de feiras anuais deberá ser aprobado polo servizo e posteriormente comunicado á entidade adxudicataria, nos primeiros 15 días do ano.

A Deputación de Pontevedra, a través de Turismo Rías Baixas, considera fundamental a presenza en feiras de turismo nacionais e internacionais, como ferramenta estratéxica de promoción, comercialización e posicionamento do destino e iso vén reflectido na Estratexia Rías Baixas Turismo 61.

Propomos apostar forte polo turismo nacional e de proximidade, seleccionando coidadosamente aqueles eventos nos que Turismo Rías Baixas-Deputación de Pontevedra, poida ter presenza cunha caseta propia. A colaboración con Turismo de Galicia en todas as feiras ás que asista, débese manter, aínda que cremos que hai feiras que requiren un reforzo de face á promoción do noso destino, coa participación cunha caseta independente. Cremos que se debe priorizar a asistencia a puntos cunha fácil conectividade co noso territorio, preferentemente por medios terrestres, ou con boas conexións aéreas, e a nivel local, consideramos que é importante asistir ás feiras de turismo que se celebren na nosa provincia e na Comunidade autónoma, que teñan especial relevancia no calendario nacional como citas destacadas para os axentes craves do sector turístico e con destacada e acreditada asistencia de público que poida converterse no noso público obxectivo, feiras que pola súa temática, poidan resultar de interese fundamental para a promoción dos nosos recursos turísticos. É importante tamén a colaboración con Turespaña asistindo nalgúns casos, cun mostrador no seu espazo.

A celebración de feiras turísticas proliferou enormemente nos últimos tempos e, debemos analízalas en profundidade e determinar cales son as máis importantes para nós, de face a promocionar o noso destino e rendibilizar e optimizar ao máximo este tipo de accións.

As feiras que se celebran na nosa comunidade, teñen o obxectivo de asentar a nosa imaxe de marca dentro da provincia e en lugares próximos. Foméntase ademais, o turismo interno, non debemos esquecer que un dos principais mercados emisores de turismo cara ao noso destino, é o galego.

Cada vez hai maior interese por coñecer lugares próximos, moitas veces totalmente descoñecidos, durante os short-break, estancias curtas, pontes ou fins de semana. E trátase, por último, de sensibilizar ao sector e á poboación en xeral, da importancia que o turismo ten na economía da nosa provincia.

As feiras teñen lugar ao longo de todo o ano, pero concentrándose en dúas tempadas para favorecer a participación do sector e para xerar fluxos de turismo cara ao noso destino. A primeira abarcaría do mes de xaneiro até abril e maio, e a segunda tempada, comezaría desde finais de setembro até mesmo o mes de decembro.

Por todo elo, a proposta de feiras ás que Turismo Rías Baixas debería asistir con stand propio ou con outro tipo de participación destacada, serían:



FEIRA	LUGAR	DATA	TEMÁTICA
FITUR	Madrid	Do 21 ao 25 de xaneiro de 2026	Feira Internacional de turismo
BTL LISBOA	Lisboa	Del 25 febreiro ao 1 marzo de 2026	Feira Internacional de Turismo
BIOCULTURA-ECOTURISMO	A Coruña	Del 6 ao 8 de marzo 2026	Feira de produtos ecolóxicos y turismo
EXPOVACACIONES	Barakaldo (Bizcaia)	Del 8 ao 10 de maio de 2026	Feira Internacional de Turismo
TUREXPO GALICIA	Silleda	Del 4 ao 7 de xuño de 2026	Salón turístico de Galicia
SOUTHAMPTON BOAT SHOW	Southampton	Do 18 ao 27 de Setembro 2026	Salón Náutico Internacional
XANTAR	Ourense	Novembro de 2026	Salón Internacional de Turismo Gastronómico
INTUR	Valladolid	Do 12 ao 15 Novembro 2026	Feira Internacional de Turismo de Interior
IBTM	Barcelona	Do 18 ao 20 de Novembro 2026	Salón Internacional de Congresos e Reunións

Outras feiras:

Nas seguintes feiras, a nosa presenza podería ser como colaboradores de Turismo de Galicia, cun mostrador na súa caseta, asistido con informadores turísticos achegados por Turismo Rías Baixas ou ben, colaboración con Turespaña nas mesmas condicións:

FEIRA	LUGAR	DATA	TEMÁTICA
ITB	Berlín	Do 3 ao 5 de marzo de 2026	Feira Internacional de Viaxes e Turismo
WTM (World Travel Market)	Londres	Do 4 ao 6 de novembro de 2026	Feira Internacional de turismo

Por todo o anterior, a Xunta de Goberno queda enterada da “*Proposta de participación de Turismo Rías Baixas durante o ano 2026, no marco do servizo de deseño, produción, transporte, montaxe e desmontaxe, almacenamento, mantemento e servizos complementarios da caseta que representará a Turismo Rías Baixas-Deputación de Pontevedra en feiras de turismo*”.



6.35959.- DAR CONTA DA EVOLUCIÓN DOS TRABALLOS REALIZADOS NO MARCO DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DO PROGRAMA TRAIL "ENTRE CASTELOS RÍAS BAIXAS". (EXPTE.2025004601)

Na sesión ordinaria do día 05 de setembro de 2025, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de Servizo de organización e execución do programa trail "*Entre castelos Rías Baixas*" á Sportmadness Eventos, S.L. (NIF: B86397205).

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 02 de novembro de 2025 e o prazo de duración é desde a formalización do contrato ata o 31 de decembro de 2025, con posibilidade de tres prórrogas anuais.

Con data 26 de decembro de 2025, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria, aproba a primeira prórroga do contrato formalizado coa empresa Sportmadness Eventos S.L., para a contratación do servizo de organización e execución do programa Trail "*Entre Castelos Rías Baixas*".

A proba terá lugar, previsiblemente, os días 18 e 19 de abril do presente. E para a súa correcta celebración a entidade adxudicataria xa iniciou os traballos asociados á súa realización.

Entre outros, levaron a cabo visitas técnicas a ambos os dous Castelos (Soutomaior e Sobroso), co obxectivo de avaliar o terreo, as condicións da contorna e os posibles puntos de interese do percorrido.

Así mesmo, elaborouse un trazado preliminar da ruta, que permitirá analizar en detalle as necesidades técnicas, loxísticas e organizativas do evento, así como identificar posibles melloras ou axustes de cara ás seguintes fases de planificación. Este primeiro deseño servirá tamén para garantir a seguridade das persoas participantes, o respecto polo medio natural e a correcta coordinación cos distintos axentes implicados.

Nas vindeiras semanas continuarase avanzando nos traballos de organización, incluíndo a definición final do percorrido, a tramitación dos permisos necesarios e a planificación dos servizos complementarios, co obxectivo de consolidala coma unha proba de referencia que combine deporte, patrimonio e posta en valor da contorna natural das Rías Baixas.

Por todo o anterior, a Xunta de Goberno queda enterada da "*Evolución dos traballos realizados no marco do servizo de organización e execución do programa trail "Entre Castelos Rías Baixas"*".



7.35960.- COMUNICACIÓN

Dar conta de autos, decretos e providencias doutras administracións, levadas polo servizo de Asesoría Xurídica desta Deputación:

DECRETOS, AUTOS E PROVIDENCIAS FAVORABLESCONTRATACIÓN

01. AUTO DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, Nº 2 DE PONTEVEDRA, DITADO EN PEZA SEPARADA DE SUSPENSIÓN/MEDIDAS CAUTELARES NÚM. 352/25-1, DIMANANTE DO PROCEDEMENTO ORDINARIO NÚM. 352/25, PROMOVIDO POLA MERCANTIL MONCOSA OHS, S.A., SOBRE MATERIA DE CONTRATACIÓN. (EXPTE. 2025076835)

Dada conta que con data 11 de decembro de 2025, tivo entrada nesta Deputación auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra (ditado en peza separada de suspensión/medidas cautelares núm. 352/25-1, dimanante do procedemento ordinario núm. 352/25, promovido pola mercantil Moncosa OHS, S.A., contra o acordo da Xunta de Goberno de data 22/8/25 polo que se acordou desestimar o recurso de reposición interposto pola demandante, fronte ao acordo da Xunta de Goberno de data 23/6/25, de prohibición de contratar por resolución do contrato de ampliación de obras de drenaxe na estrada EP-8504 Forno-Cernadas, P.k. 0+530 e 4+670, no Concello de Valga) no que se denega a medida cautelar solicitada e cuxa defensa se lle encomendou ó letrado D. Juan Carlos Abeigón Vidal.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do mesmo.

RECURSOS HUMANOS

02. PROVIDENCIA DO TRIBUNAL SUPREMO, SALA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, SECCIÓN 1ª, DITADA NOS AUTOS DE RECURSO DE CASACIÓN Nº 1604/25, DIMANANTE DO RECURSO DE APELACIÓN Nº 264/23, PROMOVIDO EN MATERIA DE PERSOAL. (EXPTE. 2024043996)

Dada conta que con data 5 de decembro de 2025, tivo entrada nesta Deputación providencia do Tribunal Supremo, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 1ª (recaída no recurso de casación núm. 1604/25, promovido por Estefanía Ferreiros Gómez, contra a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª de data 31 de xaneiro de 2024, ditada no Recurso de Apelación nº 264/23, que desestimaba o recurso presentado pola demandante, ratificando a sentenza ditada en primeira instancia, con imposición de custas por importe de 1.000,00 €, contra Resolución Presidencial de data 24/3/22, desestimatoria da reclamación formulada pola actora que interesaba o seu nomeamento como oficiala de comedor no Centro Príncipe Felipe) que inadmite o recurso presentado pola recorrente, ratificando por tanto as ditadas en primeira instancia e apelación, con imposición de custas por importe de 1.000,00 € e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da mesma.



8.35961.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

9.35962.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

